NORMATIVA DA PROBA:

“ Carreira de fin de ano 2016 Mugardos-Ares-Mugardos”.

- **DATA:** 31 DE DECEMBRO DE 2016.
- **HORARIO:** Saída ás 11 da mañá.
- **LUGAR:** Avda de Mugardos no concello de Ares.
- **DISTANCIA A PERCORRER:** 10 km (non homologados)
- **IDADE:** Ter cumpridos 14 anos na data da proba.
- **CLASIFICACIÓN:** A clasificación e a cronometraxe será por chip e realizada por xuíces da Delegación ferrolá da FGA.
- **INSCRICIÓNS:** Límite de 500 prazas. Ate o 27 de decembro na páxina carreirasgalegas.com

  Retiradada de dorsais e agasallo no mesmo Pavillón polideportivo de Ares de 8,30 a 10,30 o día da proba.

  PREZO DA INSCRICIÓN: 3 €. A ingresar a través da páxina web carreirasgalegas.com
- **PERCORRIDO:** Ares-Mugardos-Ares. Según rutómetro que segue.

  Ás 11 horas concentración previa a saída da proba enfronte á pista exterior do colexio público de Ares, na Avda. Celso E. Ferreiro. Saída, dirixíndose rúa abaixo 50m. ata intersección ca Avda de Mugardos. Dirección paseo marítimo da vila de Ares, a través da Avda. de Mugardos, a partires de eiquí a proba discurrirá polo Paseo Marítimo da vila, xirando á esquerda ata Parque Rosalía, dende alí cruzará á Rúa do Mazote pola que seguirá ata entrar na AC130 en dirección a Mugardos pasando polo Alto de Simou, Avda. Francisco Yáñez Badía, ata a intersección no Cruce dos Catro Camiños, onde seguirá de fronte cara abaixo pola Rúa Os Corzás, ata a intersección ca Avda. de Mugardos, por onde seguirá tras xirar a esquerda e pasando pola Casa do Concello de Mugardos, ata a intersección ca rúa do Peteiro por onde seguirá ata a zona das Mareas, xirando nesa altura á esquerda para continuar pola Rúa do Cristo pasando pola altura do Instituto, cruce do cemiterio e pavillón deportivo municipal, ata chegar á zona dos Catro Camiños, onde xirará a dereita para continuar pola de novo pola Francisco Yáñez Badía e AC130 dirección a Ares, xa alí entrada pola Avda de Mugardos e pequena subida ata a meta enfronte á pista exterior do colexio públicode Ares.

  Chegada e fin da proba, sendo as 12 horas. Avituallamento sólido-líquido.

O tempo estimado da proba é de entre 32 min. (o mellor dos tempos agardados) e 1 hora.

- Avituallamento sólido e líquido para todas as persoas participantes ao chegar á meta.

Ao remate da carreira farase unha clasificación xeral por tempos nunha categoría única. Todas as persoas participantes que rematen a proba participarán no sorteo de cestas do Nadal.
As dúbidas e interpretación das normas serán resoltas segundo a normativa en vigor da FGA para probas de estas características.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.